

Zimbra:**[pas] Comunicado da Xunta de Persoal****De :** Xunta de Persoal PAS
<xunta.persoal@udc.es>

vie, 27 de may de 2016 14:37

 1 ficheros adjuntos**Remitente :** pas-request@listas.udc.es**Asunto :** [pas] Comunicado da Xunta de Persoal**Para :** pas <pas@listas.udc.es>**Responder a :** Xunta de Persoal PAS
<xunta.persoal@udc.es>

A Xunta de Persoal informa que no día de hoxe levantouse da mesa de negociación coa Xerencia, polo desacordo maioritario coa súa proposta de Oferta de Emprego Público, que é a seguinte:

Escalas	Subgrupo	Nº prazas	Sistema xeral	Persoas con discapacidade xeral
Escala administrativa da Universidade da Coruña	C1	2	1	1 (non se acumulará a quenda libre no caso de quedar vacante)
Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña	A1	1	1	0
Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña	A2	1	1	

Logo de acadar o barrado da totalidade da RPT, coa finalidade de facilitar a promoción de todo o persoal e promover a súa carreira profesional, a Xerencia por primeira vez, racha con esta filosofía e insiste na inclusión de dúas prazas do subgrupos A1 e A2 , en quenda libre, o que supón o 50% da totalidade da oferta posible deste ano.

A Oferta de Emprego Público, limitada pola taxa de reposición e consensuada coa xerencia, era de 4 prazas da escala administrativa. Esta proposta tamén incumpe o acordado e diminúe a posibilidade de acceso do persoal interino que abonda nesta escala.

Rexeitamos esta proposta porque supón un precedente perigoso que repercutirá de xeito incerto na actual e futuras ofertas de emprego público e promocións e vai en contra do conseguido ata agora.

Xosé Manuel Portela Fernández

Pte. da Xunta de Persoal de Administración e Servizos



Resolucion oferta emprego PAS 2016 galego.doc

172 KB
